

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesiós Plenarias) reúnese no día vinte de xullo de dous mil dezaeito a Corporación deste Concello para celebrar a sesión de carácter ordinario do mes que ten o seu comezo ás vinte horas en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/concelleiras que se citan: Don Benito Manuel Vega Fernández, don Sergio Saavedra Guitierrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (PSdeG- PSOE); don Esteban García Alonso, don Jose Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Manuel Javier Bacorrelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V), don Carlos Alberto Ameneiros Serantes de Bloque Nacionalista Galego (BNG). Non asistiron, dona Rosa Ana García López (PsdeG-PSOE); don José Antonio Vigo Lago (PP) e don Luis Manuel Beceiro Rodríguez (CENVAL).

Asistidos da secretaria municipal, Carlota González Navarro.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA

I. PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 15.06.18 (ORDINARIA).

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes deixou aprobado o borrador de acta do 15.06.18.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DE ALCALDÍA, EMITIDOS DO 14.06.18 AO 13.07.18.-

En virtude do estipulado no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos decretos emitidos dende o 14 de xuño ao 13 de xullo de 2018, que abarcan os números do 206 ao 247 ao obxecto de que os/as concelleiros/as teñan constancia do desenvolvemento da administración municipal, e aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno, previstos na LRBRL (Lei reguladora das Bases de Réxime Local).

O pleno tomou razón.

3º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS.

Dáse conta ao Pleno da remisión ao MINHAFP (Centro Directivo Servicio General de Financiamción Autónoma y Local) dos datos de esforzo fiscal; liquidación do concello obtida em período voluntario do exercizo 2016, referida a diversos conceptos impositivos (Bens inmoables natureza rústica, urbana, características especiais, vehículos de tracción mecánica.)

O pleno tomou razón.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde informa aos concelleiros e ás concelleiras de que o concello de Narón remitiu a Valdoviño o convenio para prestación do servizo de saneamento de maneira conxunta na zona limítrofe e que falta o seu estudio por Valdoviño, e unha vez que se realice dito estudio darase conta do mesmo e sometarase a aprobación.

O concelleiro de servizos Sr. Vega Fernández explica o tramo que abarcaría o saneamento, e sinala que se calcula o servizo para cincuenta e pico de vivendas.

Os concelleiros debaten sobor do proxecto de saneamento que estaba previsto para Meirás e que ía ser subvencionado pola Xunta cuns 250.000 euros e que non chegou a facerse a inversión; coma lembra o concelleiro Sr. Rodríguez Fernández.

Informa o Sr. Alcalde de que se pediu á empresa Viaqua unha proposta de trazado (de saneamento) para Montefaro.

Tamén informa o Sr. Alcalde sobor de Campelo, en relación á visita de cortesía por parte de representante do exército, (visita na que igualmente se personou o Presidente da Deputación) ;a quen se lle trasladou que a Xunta non deixou limpar a zona de Campelo e aclara ao respecto o Sr. González Fernández que a zona da Carreira está desafectada de Defensa, namentras que Campelo non o está. Di que por parte do Concello se lles comunicou a intención do uso e que se comprometeron a actuar limpando en principio dita zona.

INTERVENCIÓN GRUPO BNG .- Sr. Ameneiros Serantes.-

.- Solicita se coloque marquesiña para protexer aos usuarios do transporte escolar.

Sr. Alcalde.- Estamos procurando unha solución.

.- Reitera que as axudas para o PAI, as bonificacións, previo informe dos servizos sociais se outorguen de antemán ao pagamento por parte das familias.

Sra. Sabín Fernández.- Nese aspecto, solucionouse algún caso de emerxencia, pero parece ser que non é tan viable facelo, conforme nos indican os técnicos.

INTERVENCIÓN GRUPO UNIDOS POR VALDOVIÑO.- Sr. Bacorelle Robles.-

*.- Cando se vai executar o proxecto da herba artificial do campo de fútbol de Mourente? Ten intención este grupo de goberno de facelo?

Sra. Secretria.- Hai que esperar a implantación da administración telemática.

Sr. Ameneiros Serantes.- Non sei como fas esta pregunta, porque sabes que se aprobou o proxecto neste mandato en pleno e que non fixeches nada cando estabas no grupo de goberno (levamos así dez anos).

*.- Pregunta se o concello vai a facer algo para mellor o estado do campo de Mourente pois me transmitiron que se atopa nun estado lamentable.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Hai un problema coa bomba da auga.

Sr. Vega Fernández.- Xa avisamos a técnico para o amaño, pero tamén opino que os clubs tamén teñen unha certa responsabilidade no coidado do campo.

*.- Cómo se atopa o expediente do camping municipal?

Sr. Alcalde.- Vaise asinar o contrato da concesión do servizo da explotación.

*.- Solicito se limpe a herba nas gabias, porque hai moita; lembre que antes criticabades ao anterior mandato continuamente por esta cuestión.

Sr. Alcalde.- Estamos limpando todo o ano pero é moita extensión. Imos limpando nunha segunda volta. En Meirás xa o fixemos dúas veces.

Sr. Vega Fernández.- Nós puxemos máis medios, todos os que puidemos.

*.- A qué se refire acordo da Xunta de Goberno en relación ao contrato do chiringuito da praia sobor de aseos no aparcamento central e cando fala do canon que di que non pagou o arrendatario?.

Sr. Alcalde.- A limpeza dos aseos sitos na parte central, especificao o prego.

Sra. Secretaria.- O canón era anual.

*.- Cal é o horario para apuntarse ás actividades do Ocio-sol? Na web vin indicado que podían apuntarse os interesados no rexistro do Concello. Pero acudiu xente ao rexistro e mandouselle falar coa técnica.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Sí, porque recollen a solicitude e a entregan no rexistro, pero poden falar coa técnica en horas que está nas oficinas municipais para calquera dúbida ou información.

*.- Oimos falar ao Sr. Alcalde en contra de asistencia á actos da igrexa moitas veces e agora vimolo nas procesións.

Sr. Alcalde.- Precisamente dende que arrancou esa procesión á que vostede alude, sempre estiven presente. É unha cuestión persoal. Ademais que non ten que ver a consideración que teña da igrexa coma institución que goza de privilexios e a crenza que teña e aparte que temos a representatividade institucional namentras gobernemos.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP.- Sr. García Alonso.-

*.- Cando se vai quitar a concurso o mantemento do alumado público?

Sr. Alcalde.- Trasládouse á FEGAMP documentación con presentación de dúbidas, e houbo reunión da secretaría e intervención municipal con técnico. Teñen que resolverse as dúbidas e facerse os correspondentes informes.

*.- Reitera a necesidade da accesibilidade das praias.

Sr. Alcalde.- Está a Policía Local facendo informe para adecuar tres pasos de peóns, en concreto para preto da zona de ambulancia, zona do camping e zona do bombeo. De todos os xeitos, a praia da Frouxeira ten accesibilidade, e así está considerada.

Sra. Sabín Fernández.- COGAMI estivo na praia da Frouxeira, por este asunto.

Sr. García Alonso.- As baixadas e subas do paseo e das beirarrúas resultan moi grandes.

/Previa comunicación á Presidencia o Sr. Ameneiros Serantes, abandoa a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta minutos/.

Sr. Alcalde.- O ano pasado fixeron accesos nas beirarrúas na estrada do Trece, e se lle esixiu a Fenosa facer baixadas accesibles en Meirás e así o está facendo.

*.- Preguntara xa noutra sesión plenaria por qué os tractores pasan pola praia en Outeiro.

Sr. Vega Fernández.- Pasan únicamente para valeirado das fosas sépticas e foron un día puntualmente a recoller un fardo, a instancia da Garda Civil.

Sr. García Alonso.- Existen vehículos específicos eléctricos e non contaminantes para tarefas nas zonas das praias.

Sr. Alcalde.- Propoño ao grupo municipal do PP, pidindo colaboración, para que o solicite a Industria.

*.- Van tres anos desta lexislatura sen realización de comisións urbanísticas, e sen que se avanzase nada na redacción do Plan Xeral (cando na anterior Corporación xa se mandará o trámite inicial) e tres anos despois non se fixo nada.

Sr. Alcalde.- Non hai empresa de redacción do Plan.

Sr. García Alonso.- ¿Qué pensades facer?

Sr. Alcalde.- Resolver o contrato e adxudicar a unha nova empresa. É unha resolución xurídica a resolver, non política.

*.- Existen queixas dos veciños porque os contedores están desbordados e con basura fóra deles. ¿Con qué frecuencia se recolle e se limpan os contedores?

Sr. alcalde.- A empresa cumpre coa frecuencia, pero tamén os usuarios teñen que cumprir e non deixar fóra dos contedores o lixo.

*.- Non hai novas ubicacións e novas recollidas ante o aumento de poboación no verán?

Sr. Alcalde.- Reforzase o servizo en zonas de praias e establecementos. Hai planos sobor da recollida que entregou a empresa.

*.- Comunicanme que houbo un xuízo no que o Concello perdeu porque nen tan sequera se persou. ¿E por qué non se pagaron as facturas a Sabín? (tema de miradores).

Sr. Alcalde.- Hai un informe técnico que fala de que non se axustaron os traballos.

Sra. Secretaria.- Comprobarei o persoamento ou non do Concello.

*.- Cobraron todas as asociacións a subvención?

Sr. Alcalde.- Todas non porque lles falta algunha documentación, algunhas cobraron o 25%....

Sra. Freire Aneiros.- Solicito que se nos informe destes pagamentos na vindeira sesión plenaria.

Igualmente o solicita o Sr. Rodríguez Fernández.

*.- Os aseos do aparcamento da Frouxeira atopanse en mal estado.

Sr. Vega Fernández.- Fixose visita de comprobación con técnico quen indicou que estaba todo correcto.

Sr. Bacorelle.- Os baños deberían estar provistos de luz.

*.- En canto a servizos sociais, comentaronme que xente con grado tres leva casi dous anos en espera para recibir prestación do servizo.

Sr. Alcalde.- Non temos lista de espera en servizos que xestiona o Concello, non sei, que iso é outra cousa, se haberá casos que estén pendentes de valoración pola Xunta.

* Vanse facer rebacheos de estradas?

Sr. Alcalde.- Hai que ter informes de intervención e técnicos e despois faranse as contratacións de obra.

*.- En Ocio-Sol vaise facer campionato de baloncesto?

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Non, pero sí actividade de baloncesto. As canastas están fixas.

Sr. García Alonso.- Caben outras solucións. Así non se aproveita debidamente a pista.

*.- Non está anunciado o campionato de tiro con arco.

Sr. Saavedra .- Será no mes de agosto.

Rematadas as intervencións dos grupos e sen máis asuntos que tratar, cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, a sesión chega ao seu remate e queda levantada polo Sr. Alcalde-Presidente. Do que como Secretaria, estendo a presente acta e CERTIFICO.

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria,

